



A/A Sr. Presidente da Xunta de Galicia, D. Alberto Núñez Feijóo

A/A Sr. Conselleiro de Sanidade, D. Julio García Comesaña

No ano 2018, coincidindo ca publicación no Diario Oficial de Galicia (DOGA) da regulación das listas de contratación para facultativos especialistas do ámbito hospitalario, naceu FEGAL (Facultativos Eventuais Galegos en Loita) cuxo único propósito é prestar voz a aqueles traballadores tanto tempo silenciados.

A taxa de eventualidade global no SERGAS supera o 40%, que varía entre o 34.24% e o 63.11% segundo o último rexistro realizado por FEGAL no ano 2019, tal e como se pode ver na táboa seguinte.

	% Interinos	% Contratados Encadeados	% Total
Área Sanitaria Lugo e Monforte	15,53%	47,57%	56,03%
Área Sanitaria Burela	18,10%	37,93%	40,31%
Área Sanitaria Ourense- Barco-Verin	16,63%	23,68%	39,61%
Área Sanitaria A Coruña-Cee	8,82%	25,42%	43,67%
Área Sanitaria Santiago-Barbanza	9,10%	26,28%	38,81%
Área Sanitaria Ferrol	19,94%	23,73%	34,24%
Área Sanitaria Pontevedra-Salnes	13,50%	26,11%	63,11%
Área Sanitaria Vigo	20,35%	18,45%	35,38%
Total Galicia	14,46%	26,16%	40,62%

Esta situación xa en si mesma reflexa a inestabilidade e a precariedade laboral que vimos sufrindo dende hai anos, pero sumada á situación de pandemia que levamos padecendo durante os últimos meses que dificulta enormemente a posibilidade de consolidación laboral mediante unha OPE (Oferta Pública de Emprego) ordinaria, obríganos a remitir este escrito para solicitar as seguintes medidas:

1. Conversión de todos os contratos eventuais en prazas vacantes

2. Posteriormente, publicación e realización dunha OPE extraordinaria, realizando o proceso de selección mediante un concurso de méritos xunto coa exposición dunha memoria, tal e como está recollido no Estatuto Marco.

Dende FEGAL solicitamos a aplicación dos puntos expostos anteriormente á maior brevidade posible reducindo ao mínimo imprescindible os tempos administrativos para levar este proceso a cabo, co fin de eliminar a precariedade laboral tan frecuente no SERGAS, millorando a calidade laboral e de todos os facultativos eventuais afectados.

Atentamente,

FEGAL (Facultativos Eventuais Galegos en Loita)

facultativoseventuaisenloita@hotmail.com

Santiago, 4 de Decembro de 2020